



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Cruz Roja Española en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española en Galicia para o desenvolvemento dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, no que teñen cabida distintas formas de intervención destinadas a minimizar os danos asociados á situación persoal deste colectivo, así como a reducir as situacións de exclusión social, coa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que, dentro das prioridades Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, se encontra a de financiar actuacións de acompañamento social a persoas sen fogar.

O programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito obxecto deste convenio, consistirá no establecemento de liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen fogar a través dun traballo de coordinación levado a cabo polos equipos técnicos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela. Tal cometido realizarase mediante unha liña de intervención que consistirá no desenvolvemento, na rúa, nos albergues os centros de Cruz Roja Española en Galicia e demais servizos de acollida existentes de accións dirixidas a:



.Detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adicciós sufridas polas persoas destinatarias do programa.

Efectuar labores de sensibilización e estudos sobre as persoas sen fogar, en particular o I Estudo de Persoas sen Fogar en Galicia, e a celebración dunha Xornada técnica sobre Persoas sen Fogar.

Informar e derivar aos usuarios cara os servizos pertinentes.

Proporcionar asesoramento social e legal.

Lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favoreza o proceso de inserción individual.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a entidade Cruz Roja Española en Galicia aparece expresamente reflexada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 17 de abril 2017

